

Seccións

[Xornal](#)

[Resumos de prensa](#)

[Axendas](#)

[Publicacións](#)

[Entrevistas](#)

[Opinión](#)

[Aconteceu](#)

[Taboleiro](#)

[Redacción](#)

A plataforma Innopharma da USC representa a Galicia na inauguración da rede europea de alta capacidade EU-OPENSSCREEN-ERIC

Actualizada: 29-10-2018 11:06



Mabel Loza coordina, xunto co profesor Ángel Carracedo, a plataforma Innopharma

A coordinadora de plataforma de descubrimento de fármacos Innopharma da USC, Mabel Loza, participou recentemente na inauguración da rede europea EU-OPENSSCREEN-ERIC (European Research Infrastructures Consortium). Innopharma forma parte dese consorcio internacional integrado

por equipos de sete países que pon a disposición de institucións académicas e científicas, pemes e organizacións industriais implicadas ata 140.000

compostos comerciais que permiten liderar o descubrimento temperá de fármacos en todo o mundo. A plataforma da USC constitúe un modelo de innovación aberto dentro do ecosistema galego de I+D+i, impulsado pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación para proxectar internacionalmente ciencia feita en Galicia.

En opinión da profesora Mabel Loza, formar parte de EU-OPENSSCREEN-ERIC supón “cumprir os máis altos estándares de calidade tanto no que respecta á nosa capacidade técnica como ao valor engadido que achega o noso coñecemento aplicado ao paciente, ademais de acceder a recursos compartidos e bases de datos de altísimo nivel en contornas globais de innovación aberta e facelo de maneira rendible e inmediata”. Na asemblea de membros da iniciativa, á que a doutora Loza asistiu como representante científica por parte de España, tamén participou o doutor José Manuel Brea, ambos representando á Axencia Galega de Innovación.

EU-OPENSSCREEN-ERIC

EU-OPENSSCREEN integra as plataformas de cribado de alta capacidade europeas e que utilizan conxuntamente unha colección de ata 140.000 compostos comerciais e patentados recollido por diferentes grupos químicos europeos. Participan sete países europeos (República Checa, Finlandia, Alemaña, Letonia, Noruega, Polonia e España) e unha organización internacional (EMBL).

EU-OPENSSCREEN comezou a operar como un ERIC (Consortio de Infraestrutura de Investigación Europea) en 2018. A de Galicia, Innopharma, pertence ás 7 RIs de altas capacidades de dita rede de cribado de fármacos, as cales desempeñan un papel importante no avance do coñecemento e a tecnoloxía europeos, constitúen un importante link na cadea de innovación e son definidos en Europa como *hubs* de excelencia científica para xerar novas ideas e traspasar as barreiras da ciencia e a tecnoloxía.